

UGT CONSIDERA ACERTADAS AS MEDIDAS ANTICRISE DO GOBERNO

Redacción.- Este martes aprobouse en Consello de Ministros unha nova redición das medidas do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína que xurdiu tras o inicio da invasión rusa de Ucraína, sendo este o terceiro paquete destinado a frear o impacto da inflación e as consecuencias do conflito na economía española. En total, as medidas aprobadas polo Goberno estímase que teñan un custo de 10.000 millóns de euros aproximadamente. A falta dunha posterior análise en maior profundidade, UGT considera que estas actuacións son acertadas, sobre todo tras o efecto que tiveron as anteriores medidas.

O conxunto de medidas está orientado nunha boa dirección e pretende continuar co propósito de limitar o impacto da inflación nos fogares, algo que sucedeu ao constatare un descenso desde o 10,8% de taxa anual do IPC en xullo ata o 6,8%, valor no que se atopa no mes de novembro. Con todo, fai falta unha maior precisión á hora de implementar algunhas das medidas para que poidan focalizarse nos fogares de menor renda, tendo un efecto redistributivo e axudando a reducir a pobreza e a desigualdade.

UGT tamén valorou positivamente os paquetes anteriores, principalmente pola súa rápida resposta e porque supuxeron un bo exemplo sobre como afrontar as recesións, a diferenza das medidas de austeridade que se levaron a cabo na crise de 2008. A continuación, inclúense os principais cambios ou as novas medidas anunciadas esta semana:

Apróbase unha axuda de 200 euros para as familias con rendas inferiores a 27.000 euros para paliar os efectos do incremento dos prezos dos alimentos. Trátase dunha das medidas máis positivas, porque cumpre cos criterios de equidade vertical e horizontal, como sucedeu anteriormente coas axudas de 200 euros que se incluían no último paquete. Segundo se indicou na rolda de



prensa, esta medida terá un alcance de ata 4,2 millóns de familias.

Rebaixa do IVE do 4% ao 0% dos produtos agroalimentarios de primeira necesidade e do 10% ao 5% do aceite e a pasta ata o 30 de xuño de 2023. Neste caso, como sucedía coa bonificación dos combustibles, non inclúe un criterio que teña en conta a renda das persoas que consomen eses alimentos, polo que será regresiva ao beneficiarse en maior medida quen máis consomen, que son quen máis renda teñen, a pesar de que tamén beneficie en menor medida aos fogares con menos recursos.

Elimínase a bonificación xeral de 20 céntimos por litro dos combustibles. Substitúese por unha axuda aos prezos dos carburantes nos sectores máis afectados, como son o transporte, a agricultura, o naviero ou o sector pesqueiro. Supón unha mellora respecto á bonificación xeral, porque centra os seus esforzos nos sectores que reciben un maior impacto, pero segue sen solucionar o problema de fondo, que se atopa na falta de competencia no sector da produción e distribución de combustibles. Con todo, botamos de menos que non se tivo en conta en maior medida ás persoas e aos territorios fóra dos núcleos metropolitanos que utilizan o coche obrigatoriamente para desprazarse.

Fondo de axudas directas aos produtores agroalimentarios para afrontar o

aumento dos prezos dos fertilizantes. A falta dunha valoración máis exhaustiva cando se coñezan as formas nas que se darán, esta actuación céntrase nun sector crucial, como comprobamos tanto coa pandemia, como ao longo deste ano cando puidemos constatar a dependencia estranxeira que existe nalgúns alimentos e que levou a fortes incrementos puntuais dos prezos.

A gratuidade dos abonos para trens de proximidade e media distancia tamén se prorrogará, pero introdúcese unha modificación para as axudas do 30% que se outorgaban nos transportes públicos urbanos e interurbanos. Agora esta axuda do 30% só se dará no caso de que a rexión se comprometa a achegar os recursos necesarios para que alcance o 50%. Esta medida é unha boa noticia porque esixe un compromiso tamén por parte das comunidades autónomas para que persista unha axuda que ten unha dobre vertente, a de reducir o consumo dos combustibles no uso de transporte privado e, grazas a isto, actuar para que o prezo dos combustibles se reduza.

Daranse axudas por un valor de 450 millóns de euros aos sectores gas intensivos, como sucede co sector da cerámica e outros subsectores. Previamente xa se deron paquetes de axudas

[Continúa na páxina seguinte...](#)

similares para sectores dependentes do gas e da electricidade para a súa produción. Ademais, esta vez inclúen unha liña de créditos ICO de ata 500 millóns de euros para outorgar liquidez a estes sectores gas intensivos.

Mantéñense tamén outras medidas que xa incorporaban os paquetes de marzo e xuño, como a rebaixa do IVE do gas e da electricidade, así como o mantemento da suspensión do tributo de xeración e a redución do imposto á electricidade, a suspensión dos desafuizamentos para fogares vulnerables e a conxelación do prezo máximo da bombona de butano. Ademais, mantense o límite do incremento do 2% do prezo nos contratos de alugueiro. Tamén se estende a prohibición dos cortes de subministracións esenciais ou o aumento do 15% das pensións non contributivas e das axudas outorgadas polo

En definitiva, trátase dun grupo de medidas que manteñen o apoio ás familias máis vulnerables mediante medidas como o incremento do IMV, as pensións contributivas ou as axudas de 200 euros, pero, á súa vez, é necesario que se impulse a progresividade e a capacidade redistributiva do noso sistema evitando as rebaixas xeneralistas do IVE, que non centran os seus esforzos en quen máis o necesitan.

Respecto ao impacto nos sectores industriais que máis comprometidos se atopan, as axudas van permitir obter un apoio económico e unha maior liquidez para afrontar o incremento dos seus gastos de produción. Ademais, UGT celebra que se atendeu á súa reivindicación de prórroga durante outro ano do contrato de substitución na industria, que redonda nunha xubilación parcial con mellores condicións e no mante-

Tamén supón un acerto que se faga uso dunha política fiscal expansiva para afrontar a conxuntura económica actual, onde hai unha aínda elevada inflación e unha desaceleración do crecemento económico, ao contrario que as respostas que se deron noutras ocasións e que alongaron o período recesivo e ampliaron os seus efectos negativos mediante a austeridade. Este tipo de resposta permitiu que a actividade económica non sufrise tanto como sucedeu noutros países desenvolvidos, apoiado nunha creación de emprego con mellores condicións grazas á reforma laboral.

Por último, cabe sinalar que UGT quere participar en novas reedicións destes paquetes de axudas para achegar ideas que beneficien ás persoas traballadoras e que sexan efectivas para minorar as consecuencias que a guerra en Ucraína está a ter na nosa economía.

A XUSTIZA RECOÑÉCELLE A UNHA TRABALLADORA DE ATENTO O DEREITO A TELETRABALLAR PARA CONCILIAR

O caso foi levado ante a Xustiza por FeSMC UGT Coruña

Redacción.- A Xustiza ven de ditar unha sentenza favorable a unha traballadora da empresa Atento de A Coruña na que se especifica que a demandante poderá facer uso do teletraballo co fin de garantir a conciliación.

Dende FeSMC UGT Coruña, que levou o caso ante a Xustiza, explican que a traballadora solicitou á empresa traballar dende casa nos períodos non lectivos para poder conciliar a súa vida laboral coa familiar.

A finais do mes de xullo Atento dene-goulle esta posibilidade pero a traballadora, ante as súas necesidade familiares e, tras

a consulta cos servizos xurídicos do Sindicato, decidiu presentar a correspondente demanda co fin de iniciar a súa reclamación por vía xudicial.

Hai que precisar que a demandante ten unha situación de redución de xornada por garda legal que tivera que ser conseguida no seu momento por vía xudicial, tras unha demanda presentada tamén por UGT e que lle foi gañada a Atento.

Neste último caso a Xustiza, nunha sentenza que xa ten o carácter de firme, recoñece, literalmente, “o dereito da traballadora demandante a prestar servizos na modalidade de teletraballo durante os períodos



non lectivos de cada curso escolar”.

Dende FeSMC UGT Coruña saúdan esta sentenza e fan fincapé en como o Sindicato da un paso máis na defensa dos dereitos de conciliación das persoas traballadoras.

UN ACORDO, RATIFICADO EN ASEMBLEA, PON FIN Á FOLGA NO DIARIO DE PONTEVEDRA

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do Diario de Pontevedra ratificaron en asemblea o acordo ao que se chegou coa dirección da empresa que pon fin á folga convocada e ás mobilizacións que se viñan celebrando con varias concentracións e manifestacións na cidade do Lérez.

Concretamente, o acordo recoñece unha paga de 800 euros para o 2022, 500 deles incluíranse no salario

bruto. Para o 2023, o incremento salarial será dun 3,5%.

Un primeiro paso

Dende FeSMC UGT Pontevedra explicaron que este foi un primeiro paso para abrir un camiño á negociación nunha situación de bloqueo salarial que se arrastraba dende o ano 2015. A partir de agora, ábrese unha vía de nego-

ciación, de feito xa hai prevista unha xuntanza coa dirección para o día 19 de xaneiro, para acadar un convenio actualizado, xa que o que existe a día de hoxe xa é de hai sete anos.

Neste senso, xa dende un punto de vista social, hai que actualizar toda a lexislación en materia de igualdade, conciliación..., e vaise traballar por unha mellora da xornada, entre outras cuestións de carácter social.

CONTINUÁ A FOLGA NA PLATAFORMA DE REPARTO A DOMICILIO “QUEPIDOHOY”

Redacción.- Os traballadores e traballadoras da plataforma de reparto a domicilio “Quepidohoy”, a máis grande da cidade de Vigo, continúan en folga para denunciar as penosas condicións laborais ás que se ven sometidos.

Dende FeSMC Pontevedra explican que a dirección da empresa négase a aplicar o convenio colectivo provincial de transporte de mercadorías; non retribúen aos traballadores e traballadoras en relación á xornada pola que foron contratados, presionándoos en ocasións para que asinen voluntariamente unha redución de xornada; cando non teñen carga de traballo para completar a xornada, redúcenlles ou seu xa ínfimo salario ou os obrigan a crear unha bolsa de horas; e os EPIS son defectuosos e insuficien-

tes.

A Federación aclara que xa no seu día Just Eat lle retirou o servizo que agora prestan directamente cos seus traballadores na cidade olívica.

Ademais, hai que apuntar que a actividade desta empresa supón unha competencia desleal para outras empresas de paquetería e reparto da provincia, que si aplican o convenio deste ámbito.

A día de hoxe “Quepidohoy” presta



servizo para Aliexpress e para locais de restauración da cidade.

A folga estivo acompañada dunha concentración, o pasado venres, fronte á sede da empresa na rúa Colón en Vigo.

OS PAROS PARCIAIS MANTÉÑENSE EN VITRASA

Redacción.- Os paros parciais continúan entre os traballadores e traballadoras de Vitrassa, a concesionaria do transporte urbano no Concello de Vigo, que, tras máis de mes e medio de mobilizacións, ven como a empresa négase a acceder ás súas demandas.

Demandas que pasan por unha actualización salarial tras dous anos cos soldos conxelados; que se regulen os descansos diarios; ou que se reduza a xornada máxima, entre outras reivindicacións.

Ademais dos paros, os traballadores

tamén están a convocar unha serie de mobilizacións, entre as que se encadra unha concentración fronte ao Concello o pasado mércores, coincidindo co último pleno municipal do ano 2022. A esta institución tamén se lle recrimina que non adopte unha posición activa neste conflito.

UGT INCLUIRÁ NOS PLANS DE IGUALDADE DIAGNÓSTICOS PARA EVITAR A DISCRIMINACIÓN DE XÉNERO DOS ALGORITMOS

Redacción.- As decisións automatizadas de moitas empresas discriminan por xénero e afectan a aspectos clave como selección de persoal, salarios, promocións ou a organización do traballo. Ademais, a vixilancia algorítmica está cada vez máis presente nos centros de traballo.

Aínda que existe un indignante cúmulo de discriminacións nas decisións algorítmicas, pouco se fala do seu impacto no mundo do traballo e na igualdade de xénero. Desde o algoritmo de Proba de Aptitude do Programador de IBM que, nos 70, excluía directamente ás mulleres de calquera posto de programación, o rumbo de xénero continúa moi vivo nas contornas dixitais: co recente algoritmo de Amazon que penalizaba a palabra “muller” á hora de escoller unha candidatura; os algoritmos de procura de imaxes que estereotipan profesións ou chatbot de Microsoft (Tay).

UGT denuncia, ademais, o machismo

que está detrás de aplicacións que, a cambio dun módico prezo, realizan unha análise ilegal e inmoral dos datos que xeran as súas empregadas, para dar información aos empresarios sobre aquelas traballadoras que queren ter fillos. Hai mesmo plataformas dixitais que recompilan datos tan sensibles e privados como os ciclos menstruais ou as situacións de embarazo. Ruindade e dixitalización unidas contra os dereitos, a privacidade e a dignidade das mulleres.

As persoas traballadoras e a súa representación legal (sindicatos e comités) teñen á súa disposición ferramentas para vixiar estes abusos e defender os dereitos das mulleres. Desde o Estatuto dos Traballadores, que recoñece o dereito para recibir información sobre a aplicación do dereito á igualdade e non discriminación entre mulleres e homes, ao Real Decreto 901/2020, referente ao diagnóstico nun contexto de elaboración dun Plan de Igual-

dade.

Por iso, o sindicato incluír nos diagnósticos dos Plans de Igualdade o impacto das decisións algorítmicas e da Intelixencia Artificial en materia de igualdade entre mulleres e homes cando se tomen decisións automatizadas nas empresas.

A precursora da algoritmia foi unha muller

Moitos ignoran que a nai da algoritmia foi unha muller, Augusta Ada King, condesa de Lovelace, auténtica pioneira no uso das matemáticas con finalidades decisorias e unha adiantada ao seu tempo que tivo que lidar co rexeitamento á intelixencia feminina do século XIX. Seguramente, a falta de recoñecemento público á figura de Ada senta as bases do machismo tecnolóxico que vivimos nos nosos días.